




COSTA DE PONTEDEUME A PÉ

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 14 km (lineal)

Dificultade: media



O concello de Pontedeume está situado na banda sur da ría de Ares. O litoral está marcado por un relevo que, a non ser na vila e no esteiro, logo acada os 50 m de altitude e está moi próximo ou por enriba dos 20 m en case toda a liña de costa. Estes desniveis, cantís de rochas que ceden con certa facilidade aos ataques da auga e os materiais que arrasta, o atoparse enfrentado ao mar aberto, a ausencia de abrigos e a proximidade da vía do tren nun bo tramo, mantéñeno illado e asilvestrado polo que é imposible facer un percorrido lineal, pero pódense facer desvíos desde a estrada principal para achegarse aos puntos más destacados.



RÍA DE ARES. É a ría do Golfo Ártabro formada polo río más longo e caudaloso da zona, o Eume. O fondo, entre o final das Fragas do Eume e a frecha de Cabanas está ocupado por sedimentos entre os que o río forma amplos meandros. Desde Cabanas ata a punta de Camoueda é relativamente estreita e logo ábrese entre a enseada de Ares e a punta da Cruz, no norte e Ber no sur, para xuntarse e compartir a boca coa de Betanzos. As rochas dominantes son os xistos e nas puntas, pedra de gran.



O río Eume nace no Seixobranco (Serra do Xistral) e desemboca na Ría de Ares, despois de 80 km de percorrido.

A parte baixa do val do Eume e algúns dos seus afluentes (Parrote, Frei Bermuz, Sesín) forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" Creado en agosto de 1997. Asímesmo está proposto para Reserva da Biosfera.



Esteiro do Eume e Pontedeume

PERCORRIDO

Saímos da praia de Andaío para achegarnos ao peirao e logo subir á estrada. Camiñamos pola beira uns 200 m ata coller o desvío aos Maristas e seguimos ata chegar a outra estrada, alí collemos á esquerda para baixar á punta do Coto, e á praia da Ínsua. Volvemos pola mesma estradiña para coller o primeiro desvío á esquerda, un camiño asfaltado, que sae a outra estrada na que collemos á esquerda ata o remate na punta Camoureda. Dámoslle a volta á punta e vemos as praias de Paredes e do Coído, logo subimos ata a igrexa e, sen saír á estrada principal, camiñamos uns 600 m por unha estradiña interior e, despois dunha curva á dereita, collemos, á esquerda, a baixada á praia de Ber. Subindo da praia de Ber, nos primeiros edificios collemos un desvío á esquerda que vai subindo cara á estrada e despois de rematar o asfalto un carreiro que nos pon na mesma. Temos que camiñar pola beira ata Vizús, uns 800 m, despois de pasar por enriba da vía do tren collemos o primeiro desvío á esquerda para baixar á punta Louseira. Subindo da Louseira, en Vizús collemos o desvío á esquerda para saír á estrada. Desde ahí temos outros 800 m pola beira da estrada ata o desvío para baixar á praia de Carantoña á subida non pasamos por debaixo da vía senón que seguimos paralelos a ela ata poder cruzala por enriba para percorrer outro quilómetro pola beira da estrada antes de chegar á zona urbana e outro más para finalizar a ruta.



Punta de San Pedro



Punta do Coto



Praia e porto de Andaío



Praia da Ínsua



Illa Carboeira



As Cales



Penarroiba



Praia do Coído



Vistas desde a punta Camoureda



Punta Camoureda







Praia de Paredes



Praia e cantís de Ber




Praia de Ber





Punta Cabritas




Vistas
desde a
Punta
Louseira



Punta Louseira



Costa de Centroña




Praia de Centroña.



Enseada da Mina.



Praia Sopazos e punta da Macuca



Punta da Macuca



Praia Sopazos. Boca do Río.



Porto de Pontedeume



Ponte na desembocadura do Eume, entre Pontedeume e Cabanas, construída entre 1864 e 1870. A primeira ponte foi mandada construir en pedra na Idade Media por Fernández de Andrade e tivo 79 arcos apuntados, dúas torres e un hospital para os peregrinos.

Pontedeume, coa torre dos Andrade dominando o conxunto. Esta vila, situada no esteiro do Eume conserva un bo casco antigo con casas tradicionais e monumentos de gran interese. É un importante centro turístico e porta de entrada ao parque Natural das Fragas do Eume.



Río Eume. Esteiro.